

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 246** *Real decreto 1082/2014, do 19 de decembro, polo que se establecen especialidades para a aplicación das normas sobre tempos de condución e descanso no transporte por estrada desenvolvido en illas cuxa superficie non supere os 2.300 quilómetros cadrados.*

O Regulamento (CE) n.º 561/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2006, relativo á harmonización de determinadas disposicións en materia social no sector dos transportes por estrada, e polo que se modifican os regulamentos (CEE) n.º 2135/98, do Consello, e se derroga o Regulamento (CEE) n.º 3820/85, do Consello, establece as normas sobre tempos de condución e descanso para os condutores dedicados ao transporte por estrada, co fin de harmonizar as condicións de competencia entre modos de transporte terrestre e de mellorar as condicións de traballo e de seguridade viaria.

O dito regulamento permite que a lexislación nacional de cada Estado estableza excepcións no cumprimento das normas contidas nalgún dos seus preceptos en relación con determinados tipos de transportes, entre os que se encontran os que se desenvolven exclusivamente en illas cuxa superficie non supere os 2.300 quilómetros cadrados e que non estean unidas ao resto do territorio peninsular por ningunha ponte, vao ou túnel aberto aos vehículos de motor.

En uso de tal habilitación, o Real decreto 640/2007, do 18 de maio, polo que se establecen excepcións á obrigatoriedade das normas sobre tempos de condución e descanso e o uso do tacógrafo no transporte por estrada, exceptúa da aplicación do citado regulamento os transportes que se realicen integramente en illas cuxa superficie non exceda os 250 quilómetros cadrados.

Sen prexuízo disto, os transportes desenvolvidos nas illas cuxo territorio non supera os 2.300 quilómetros cadrados presentan características específicas, relacionadas co curto percorrido dos seus traxectos, que aconsellan flexibilizar algunha das regras sinaladas con carácter xeral no Regulamento (CE) n.º 561/2006 do Parlamento e do Consello, do 15 de marzo de 2006.

Na elaboración deste real decreto levouse a cabo o trámite de audiencia previsto no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, ás comunidades autónomas e entidades representativas dos sectores afectados, e solicitouse informe do Consello Nacional de Transportes Terrestres e do Comité Nacional de Transporte por Estrada.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento e dos ministros do Interior, de Emprego e Seguridade Social e de Industria, Enerxía e Turismo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de decembro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto establecer especialidades para a aplicación das normas sobre tempos de condución e descanso na realización de transportes por estrada que se desenvolvan exclusivamente en illas cunha superficie maior de 250 quilómetros cadrados e que non supere os 2.300 quilómetros cadrados, ao abeiro do disposto no artigo 13.1 e) do Regulamento (CE) 561/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2006, relativo á harmonización de determinadas disposicións en materia social no sector dos transportes por estrada e polo que se modifican os regulamentos (CEE) n.º 2135/98, do Consello, e se derroga o Regulamento (CEE) n.º 3820/85, do Consello.

Artigo 2. Especialidades.

As disposicións relativas aos tempos de condución e descanso do Regulamento (CE) n.º 561/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2006, relativo á harmonización de determinadas disposicións en materia social no sector dos transportes por estrada, aplicaranse, na realización de transportes por estrada que discorran exclusivamente en illas cuxo territorio non sexa inferior a 250 quilómetros cadrados nin superior a 2.300 quilómetros cadrados, tendo en conta as seguintes especialidades:

a) O período de descanso diario normal, definido no artigo 4.g) do citado regulamento, poderase tomar en dous ou tres períodos separados, un dos cales non poderá ser inferior a oito horas ininterrompidas, sen que ningún poida ser inferior a unha hora. Nestes casos, a duración total do descanso será de ao menos once horas.

Así mesmo, o período de descanso diario reducido, de ao menos nove horas pero inferior a once horas, poderase tomar en dous períodos, ben que un deles deberá ser de oito horas ininterrompidas e ningún inferior a unha hora.

b) Poderán realizarse períodos de descansos semanais reducidos, definidos no artigo 4.h) do citado regulamento, durante as tres semanas consecutivas a unha en que se realizase un período de descanso semanal normal. Os descansos tomados como compensación por un período de descanso reducido deberán tomarse antes de finalizar a cuarta semana seguinte a aquela en que se realizou o descanso, e non teñen que ir unidos a outro descanso.

c) A pausa ininterrompida a que fai referencia o primeiro parágrafo do artigo 7 do citado regulamento poderá substituírse por dúas ou tres pausas, de ao menos quince minutos cada unha, intercaladas no período de condución ou situadas inmediatamente despois deste.

d) Para os efectos previstos no artigo 9.1 do citado regulamento, nos traxectos interinsulares non será necesario que o condutor teña acceso a unha cama ou liteira durante o período de descanso diario normal, cando a duración do traxecto marítimo non sexa superior a catro horas.

O período que se realice no transbordador non poderá formar parte do período de oito horas ininterrompidas do descanso diario.

Disposición derradeira primeira. Modificación do Real decreto 640/2007, do 18 de maio, polo que se establecen excepcións á obrigatoriedade das normas sobre tempos de condución e descanso e o uso do tacógrafo no transporte por estrada.

Modifícase a letra e) do artigo 2 do Real decreto 640/2007, do 18 de maio, polo que se establecen excepcións á obrigatoriedade das normas sobre tempos de condución e descanso e o uso do tacógrafo no transporte por estrada, que queda redactada nos seguintes termos:

«e) Transportes de mercadorías de carácter privado complementario realizados no marco da súa propia actividade empresarial por empresas agrícolas, hortícolas, forestais, gandeiras ou pesqueiras, que se desenvolvan integramente nun raio de 100 quilómetros ao redor do centro de explotación da empresa.»

Disposición derradeira segunda. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia sobre os transportes terrestres que discorran por máis dunha comunidade autónoma e sobre tráfico e circulación de vehículos de motor.

Disposición derradeira terceira. Desenvolvemento do dereito da Unión Europea.

Este real decreto apróbese en desenvolvemento do Regulamento (CE) 561/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2006, relativo á harmonización de

determinadas disposicións en materia social no sector dos transportes por estrada e polo que se modifican os regulamentos (CEE) 3821/85 e (CE) 2135/98 e se derroga o Regulamento (CEE) 3820/85, do Consello.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación para o desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Fomento para ditar, conxunta ou separadamente cos ministros do Interior, de Emprego e Seguridade Social e de Industria, Enerxía e Turismo, as disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de decembro de 2014.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN